



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución entre lingua A1 e lingua A2

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Tradución entre lingua A1 e lingua A2 | | | |
| Código | V01G230V01501 | | | |
| Titulación | Grao en Tradución e Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 1c |
| Lingua de impartición | | | | |
| Departamento | Tradución e lingüística | | | |
| Coordinador/a | Valado Fernández, Liliana | | | |
| Profesorado | Valado Fernández, Liliana | | | |
| Correo-e | lilianavalado@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Única materia non especializada ao longo da carreira que combina a tradución do castelán cara ao galego. Os contidos estrutúranse en tres bloques: un introdutorio, outro sobre linguas de tradución castelá e galega e un último sobre a tradución editorial, e só se imparte unha introdución á práctica da tradución administrativa, xa que existe unha materia de especializada específica desta modalidade de tradución en cuarto curso do grao. Esta secuencialización de contidos permite adquirir coñecementos temáticos e lingüísticos de modo previo a iniciarse no traballo tradutolóxico na combinación castelán-galego-castelán, é dicir, a práctica da tradución correspóndese cun 50% na dirección de castelán a galego e 50% de galego a castelán. | | | |

Competencias de titulación

| | |
|--------|---|
| Código | |
| A3 | Dominio da lingua propia, escrita e oral |
| A4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
| A5 | Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada |
| A8 | Destreza para a procura de información/documentación |
| A9 | Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais |
| A10 | Capacidade de traballo en equipo |
| A11 | Capacidade de deseñar e xerir proxectos |
| A16 | Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos |
| A17 | Capacidade de tomar decisións |
| A18 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| A21 | Rigor e seriedade no traballo |
| A22 | Destrezas de tradución |
| A27 | Capacidade de razoamento crítico |
| A28 | Posuír unha gran competencia sociolingüística |
| A33 | Dominio oral e escrito da lingua propia |
| B1 | Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia |
| B5 | Coñecementos de informática aplicada |
| B7 | Toma de decisións |
| B8 | Compromiso ético e deontolóxico |
| B12 | Traballo en equipo |
| B15 | Aprendizaxe autónoma |
| B22 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica |

Competencias de materia

| | |
|---------------------------------|---------------------------------------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---------------------------------|---------------------------------------|

| | | |
|---|--------------------------------------|------------------|
| Identificación e análise dos problemas de tradución que presentan os diferentes campos temáticos do saber producidos nas liñas de xestión que designan os materiais educativos e non educativos editados por unha empresa editorial en linguas castelá e galega | A8 A9 A22 | |
| Metodoloxía de busca documental en soporte informático e papel nunha lingua minorizada | A4 A8 | |
| Desenvolvemento da autonomía no traballo profesional a través da simulación de encomendas profesionais respectando os parámetros de calidade | A3 A9 A17 A18 A21 A22 | |
| Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia | A3 A4 A5 A18 A27 A33 | B1 |
| Capacidade para simular un protocolo de tradución editorial | A10 A21 A22 A33 | B7 B8 B12 |
| Destrezas prácticas da tradución xeral do galego ao castelán e do castelán ao galego | A3 A4 A22 A28 | B1 B22 |
| Crear un espírito crítico e autocrítico | A17 A27 | B8 |
| Aprender a traballar e traballar en equipos de carácter transdisciplinar, emulando o traballo profesional | A8 A10 A11 A16 | B5 B12 B22 |
| Adquirir un compromiso deontolóxico ante o labor tradutor, tendo presentes os parámetros de calidade na tradución | A9 A17 | B15 |

Contidos

| Tema | |
|--|--|
| Bloque I: Introducción, contexto e teoría | 1.1 Introducción a unha panorámica do sector editorial: edición traducida galego-castelán/castelán-galego |
| Tema 1: Coñecementos temáticos básicos | 1.2 Introducción a unha panorámica do sistema político, xurídico e administrativo, institucións e publicacións oficiais |
| Tema 2: Iniciación á práctica profesional da tradución editorial e administrativa | 2.2 Encomenda de tradución, proceso de tradución e entrega da tradución |
| Bloque II: Introducción a unha clasificación textual | 2.3 Introducción aos aspectos profesionais da profesión: códigos deontolóxicos, asociacións profesionais, facturación |
| Tema 3: Clasificación e características específicas dos textos editoriais traducidos | 3.1 Introducción aos aspectos contrastivos da tradución editorial xeral castelán-galego-castelán |
| Tema 4: Clasificación e características xerais dos textos administrativos traducidos | 4.1 Introducción aos aspectos xerais contrastivos da tradución administrativa castelán-galego-castelán |
| Tema 5: Linguas da tradución castelá e galega | 5.1 Análise contrastiva, avaliación e crítica das traducións |
| Bloque III: A profesión: tradución editorial | 6.1 O proceso de tradución coas súas dificultades e estratexias |
| Tema 6: Tradución editorial | 7.1 Tradución de materiais editoriais pertencentes a diversos ámbitos do saber con diversas técnicas: tradución á vista, autotradución e tradución de textos |
| Tema 7: Procesos de tradución editorial | 7.2 Simulación do proceso de tradución editorial cara ao galego: do TO ao TM |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Sesión maxistral | 10 | 20 | 30 |
| Actividades introductorias | 8 | 20 | 28 |
| Debates | 12 | 21 | 33 |
| Prácticas de laboratorio | 15 | 35 | 50 |
| Probas de tipo test | 1.5 | 3 | 4.5 |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | 1.5 | 3 | 4.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---------------------------|--|
| Sesión maxistral | O peso das sesións maxistrais serve de introdución a cada un dos temas citados no apartado de contidos. Concéntranse en maior medida nas actividades de tradución previstas no bloque 3. As clases teóricas e prácticas complementáanse con titorías en grupo nas que se propoñen traballos colectivos de tradución. Trátase de fomentar a autoaprendizaxe coa elaboración conxunta de encomendas curtas. |
| Actividades introdutorias | O Bloque I inclúe contidos introdutorios tanto ao contexto da tradución editorial no par de linguas castelán e galego, como á súa teoría tradutolóxica. Neste senso, exporase e ampliarase (en función do ritmo da aula) parte das referencias bibliográficas, así como tamén se impartirán oralmente contidos dos que o alumnado deberá tomar apuntamentos, xa que se trata de materia obxecto de avaliación. A impartición estará principalmente constituída por traballos do profesorado encargado da materia (entre outras e outros especialistas). Estas obras aparecen cientificamente recensionadas, tal e como quedará exposto ao longo do curso. |
| Debates | As revisión e corrección das encomendas de tradución (prácticas de laboratorio) durante as sesións. Nos casos nos que estas revisión e corrección non sexan avaliacións individualizadas, previa indicación da profesora, serán en grupos simulando a práctica do traballo de traducir en grupos ou equipos de tradución, tal e como sucede no ámbito real profesional. A participación nestes debates será anotada pola docente e formará parte da cualificación. |
| Prácticas de laboratorio | Para determinar o nivel inicial do alumnado nas prácticas de laboratorio (práctica de tradución) realizarase unha proba piloto ou proba de nivel, cuxo obxectivo é cualificar a competencia tradutora. As clases prácticas estrutúranse conforme ás horas de docencia que se dedican ás actividades previstas para o bloque 2 (comparación de traducións, retrotradución e iniciación). Prevese que a docente revise textos corrixidos previamente na aula para ponderar a calidade das traducións, a comprensión das súas explicacións e detectar posibles alternativas de tradución ou erros que non saísen na corrección anterior. Nelas incidirase na evolución de resultados da encomenda, orientará futuras encomendas e proporáse tarefas alternativas de reforzo. A docente terá a oportunidade de observar a metodoloxía de traballo e orientará as tarefas auxiliares á tradución. As clases teóricas e prácticas complementáanse con titorías en grupo. Trátase de fomentar a autoaprendizaxe coa elaboración conxunta de encomendas curtas. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------|--|
| Prácticas de laboratorio | A atención personalizada ao alumnado ponse de relevo na atención complementaria ás clases prácticas, coa avaliación das encomendas de tradución (apto ou non apto), corrección e redacción realizadas con esta metodoloxía. Trátase de identificar os principais problemas de redacción, interferencia, actitude ante o texto orixinal etc. de cada alumno/a, alén da corrección na aula das encomendas. Unha revisión dunha cala de textos traducidos xa corrixidos na aula permite detectar problemas non identificados na aula, ben porque o/a alumno/a non sexa consciente dos erros, ben porque non se atreva a expolos en público. Para a solución destes erros estruturais, proponse complementar o traballo práctico coa resolución de exercicios específicos. Pola súa banda, tamén se atenderán as encomendas, en tanto que simulacións de tradución profesional. En grupo, prevese incidir nestes aspectos, de modo que o alumnado adquira unha actitude crítica con respecto ao texto orixinal, sexa consciente dos seus erros, adquira un método de traballo e comprobación adecuado, aprenda a solucionar no menor tempo posible os procesos de busca e comprensión da información, e perfeccione os procesos de revisión e corrección. É de grande utilidade para realizar sesións temáticas sobre cada un dos problemas enunciados a través de documentos das clases prácticas traducidos por eles/as mesmos/as ou preparados ad hoc. A realización de simulacións de tradución profesional obriga igualmente a titorizar e revisar a corrección de aula, o que esixe unha atención individualizada. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|---------------------------|---|---------------|
| Sesión maxistral | Materia impartida nas sesións plenarias a cargo da docente, é dicir, os apuntamentos tomados polo alumnado e os textos da teoría e contextualización. Proba individualizada sen consulta de materiais, nin dicionarios. Poderá ser unha proba de resposta longa ou tipo test, previa indicación da profesora ao longo do curso. | 20 |
| Actividades introdutorias | Materia impartida nas sesións plenarias a cargo da docente, é dicir, os apuntamentos tomados polo alumnado e os textos da introdución. Proba individualizada sen consulta de materiais, nin dicionarios. | 10 |
| Debates | Revisión e corrección na aula das traducións encomendadas mediante a participación fundamentada do alumnado. | 10 |
| Prácticas de laboratorio | Unha proba de tradución castelán-galego e/ou galego-castelán, individualizada. Proba con ou sen dicionario, segundo as indicacións facilitadas pola profesora durante as sesións e/ou titorías. As características aparecen indicadas no apartado "Outros comentarios e segunda convocatoria". | 30 |

| | | |
|---|--|----|
| Probas de tipo test | Contidos impartidos na introdución, contextualización e teoría durante o curso. Proba individualizada, sen dicionario ou material de consulta. | 10 |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | Tradución castelán-galego e galego-castelán, individualizada. Proba con dicionario | 20 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá adherirse a **un dos dous sistemas de avaliación** estimados, é dicir, **avaliación continua** (v. 1) ou **avaliación única** (v. 2).

1 Avaliación continua: para o alumnado que siga o curso con asistencia regular ás sesións (80% mínimo; este mínimo controlarase mediante as follas de asistencia que se entregarán ao final da sesión. Para poder asinar a folla, cómpre asistir á totalidade da sesión), propoño un sistema de avaliación continua. A participación na aula será anotada pola docente e integrarase porcentualmente (15%) na cualificación da avaliación continua. Neste caso, para superar a materia e facer media, é imprescindible aprobar tamén as dúas probas examinatorias que se realizarán ao longo do curso (metade e final de curso). A primeira (30%) consistirá na realización dunha tradución á metade de curso (a docente indicará a data e mais as características da tradución durante o transcurso do semestre). Ao final de curso, a segunda proba (55%) contará cunha parte teórica (bloques de contexto, introdución e teoría) e unha nova proba práctica (tradución). No caso de suspender unha delas, gardarase a aprobada até o exame oficial de xullo. Esta última proba estará conformada de: 1 proba teórica + 1 ou 2 probas prácticas (informarase do número (1 ou 2) e do tipo (castelán-galego e/ou galego-castelán) durante as últimas sesións). Trátase de:

proba teórica: conformada a partir das sesións maxistras e actividades introdutorias impartidas pola profesora. A extensión será acorde co tempo de exame;

proba práctica 1: tradución con/sen dicionario de textos tematicamente vinculados aos empregados nas prácticas. A extensión será acorde co tempo de exame;

proba práctica 2: tradución sen/con dicionario dalgunha das lecturas complementarias ás sesións maxistras. A extensión será acorde co tempo de exame.

A proba terá lugar durante a última sesión do curso. A docente irá indicando a aula a medida que se achegue a data.

2 Avaliación única: o outro sistema de avaliación única está pensado para o alumnado que non asiste ás sesións. Existen dúas convocatorias: en decembro (durante a última sesión de aula) e en xullo (data oficial); consiste en:

proba teórica: conformada a partir dos contidos das lecturas obrigatorias presentadas na bibliografía. A extensión será acorde co tempo de exame. Proba individualizada sen consulta de materiais, nin dicionarios. Será unha proba de tipo test. O alumnado será penalizado con -0,2, no caso das respostas incorrectas;

proba práctica 1: tradución con dicionario de textos tematicamente vinculados aos empregados nas prácticas. A extensión será acorde co tempo de exame;

proba práctica 2: tradución sen dicionario dalgunha das lecturas complementarias ás sesións maxistras. As lecturas facilitaranse a medida que avance o curso e estarán a disposición do alumnado no Servizo de reprografía da Facultade, xerarquizados por data de impartición durante as sesións, así como pola etiqueta "lecturas de sesións maxistras" desta materia. A extensión será acorde co tempo de exame.

Prevense sesións de revisión de probas. En ningún caso, as probas serán compensatorias entre elas. A cualificación de aprobado/a acadaraa quen supere todas e cada unha delas.

Bibliografía. Fontes de información

A continuación, ao remate da referencia, en negriña, no caso da **avaliación única**, indícanse as **lecturas** que se consideran **obrigatorias** e, xa que logo, obxecto de exame.

AENOR. 2006. *UNE-EN 15038: 2006. Servicios de traducción. Requisitos para la prestación del servicio*. MADRID:

AENOR. **[lectura obrigatoria]**

Castellón Alcalá, H. 2000. *Los textos administrativos*. Madrid: Arco Libros S.L.

Dosil, B. e X. Riveiro. 2004. *Diccionario de Ortografía da lingua galega*. A Coruña: Galinova Editorial.

Feixó Cid, X. 2003. *Diccionario galego dos nomes*. Vigo: Xerais.

- Galanes Santos, I. 2002. "O galego como lingua de especialidade". En *Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística*, pp. 221-237. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. **[lectura obrigatoria]**
- García Ares, M. et alii. 2004. *Manual básico de documentación administrativa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Gómez Guinovart, J. e A. M. Lorenzo Suárez. 1994. *Vocabulario de informática*. Vigo: SPUV.
- González Millán, X. 1995. "Cara a unha teoría para sistemas literarios 'marxinais'. A situación galega", en *Viceversa* 1: 63-73. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo. **[lectura obrigatoria]**
- Martínez de Sousa, J. 2001. *Diccionario de edición, tipografía y artes gráficas*. Gijón: Trea.
- Martínez de Sousa, J. 2003. *Libro de estilo Vocento*. Gijón: Trea.
- Martínez de Sousa, J. 2004. *Ortografía y ortotipografía del español actual*. Gijón: Trea. Martínez de Sousa, J. 2006. *La palabra y su escrita*. Gijón: Trea.
- Martínez de Sousa, J. 2007. *Manual de estilo de la lengua española (MELE 3)*. Gijón: Trea.
- Noia Campos, M. C. 1995. "Historia da tradución en Galicia no marco da cultura europea", en *Viceversa* 1: 13-62. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo. **[lectura obrigatoria]**
- Real Academia Galega □ Instituto da Lingua Galega. 2004. *Diccionario Castelán-Galego*. Santiago de Compostela: RAG.
- Seco, M. 1998. *Diccionario de dudas y dificultades de la lengua española*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Souto García, M. B. 2002. *Vocabulario das artes gráficas. Obradoiro de encadernación*. Vigo: SPUV.
- Valado, L. (no prelo). *Xestión de proxectos de tradución editorial. Fase 1: Do texto orixinal ao texto meta sen editar. Fase 2: Do texto meta editado á produción do texto meta definitivo*. [facilitarase o guión durante a proxección en aula]. **[lectura obrigatoria]**
- VV.AA. 2003. *Atlas xeográfico Cumio de Galicia e do Mundo*. Vigo: Edicións do Cumio.
- VV.AA. 2004. *Gran diccionario Cumio da Lingua Galega*. Vigo: Edicións do Cumio.
- VV.AA. 2005. *Gran Diccionario Século 21 da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- VV.AA. 2004. *Diccionario Galaxia de Usos e dificultades da lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- 1 mediante envío a través do **correo electrónico**;
- 3 no **Servizo de reprografía da Facultade**.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

Prácticas externas: Prácticas en empresas e organismos/V01G230V01981

Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01926

Tradución especializada lingua A1-lingua A2/V01G230V01930

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01102

Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518
